

## Lingua 5º / Unidade 8 / Explica procedementos

### Actividade 1

**Enunciado:** Rodea os pronomes persoais tónicos e subliña os átonos.

- Pareceume que elas preparáronos todo moi ben.
- A nós colleunos a chuvia cando fomos a chamala.
- Vostedes chamárona, pero ela non lles respondeu.
- Pedinchos nada máis saír para poder escoitalos.

### Solución

- Pareceme que elas preparáronos todo moi ben.
- A nós colleunos a chuvia cando fomos chamala.
- Vostedes chamárona, pero ela non lles respondeu.
- Pedinchos nada máis saír para poder escoitalos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Realiza o que se solicita e comete ata cinco erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**7.1.** Recoñece pronomes persoais e clasifícaos en tónicos e átonos analizándoos.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

## Actividade 2

**Enunciado:** Analiza os pronomes persoais das oracións.

- Eu deille un agasallo a eles polo seu aniversario.

---

---

- Vós ides vir comigo á excursión a Manzaneda?

---

---

### Solución

**Lles: pronome persoal átono 3.<sup>a</sup> persoa plural.**

**Eles: pronome persoal tónico 3.<sup>a</sup> persoa plural.**

**Vós: pronome persoal tónico 2.<sup>a</sup> persoa plural.**

**Comigo: pronome persoal tónico 1.<sup>a</sup> persoa singular.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**7.1.** Recoñece pronomes persoais e clasifícaos en tónicos e átonos analizándoos.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

### Actividade 3

**Enunciado:** Escribe oracións que inclúan os pronomes persoais solicitados.

- Un pronome tónico de segunda persoa e un átono de primeira persoa
- 

- Un pronome átono de terceira persoa e un tónico de primeira persoa
- 

### Solución

**Resposta libre. Cómpre que se escriban as oracións sen faltas de ortografía.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

**7.1.** Recoñece pronomes persoais e clasifícaos en tónicos e átonos analizándoos.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

#### Actividade 4

**Enunciado:** Completa con **-cc-**, **-ct-**, **-c-** ou **-t-**.

di\_\_ado      afe\_\_ión      fru\_\_ífero      le\_\_ión      tra\_\_or

ví\_\_ima      dedu\_\_ión      obxe\_\_o      tá\_\_il      rea\_\_ión

#### Solución

di**t**ado      afe**cc**ión      fru**t**ífero      le**cc**ión      tra**ct**or

ví**t**ima      dedu**cc**ión      obxe**ct**o      tá**ct**il      rea**cc**ión

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata catro erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

#### Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Coñece e aplica as regras de uso de **-cc-** e **-ct-**.

#### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

## Actividade 5

Enunciado: Atopa os erros e volve escribir as oracións correctamente.

- O obxectivo da dirección da factoría é aumentar a produción.
- 

- Produciuse a reestruturación da sección de construción da administración.
- 

### Solución

- O **obxectivo** da **dirección** da **factoría** é aumentar a **producción**.

O obxectivo da dirección da factoría é aumentar a produción.

- Produciuse a **reestruturación** da **sección** de **construción** da **administración**.

Produciuse a reestruturación da sección de construción da administración.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Realiza o que se solicita e comete ata cinco erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Coñece e aplica as regras de uso de **-cc-** e **-ct-**.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

## Actividade 6

Enunciado: Responde.

- Que é unha entrevista?

---

---

- Que tipos de entrevistas hai?

---

---

### Solución

**É un intercambio comunicativo no que o entrevistador trata de obter información do entrevistado para ofrecerlla a un público.  
Xornalística, de traballo.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Elabora preguntas para realizar entrevistas.

#### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

## Actividade 7

**Enunciado:** Subliña os prefixos destas palabras e escríbeas onde corresponda.

anticorpo                      contraorde                      informal                      amoral  
desorde                      discapacidade                      exculpar                      oposición

• Negación: \_\_\_\_\_

• Oposición: \_\_\_\_\_

### Solución

**anti**corpo                      **contra**orde                      **in**formal                      **a**moral  
**des**orde                      **dis**capacidade                      **ex**culpar                      **o**posición

• Negación: desorde, informal, exculpar, amoral.

• Oposición: anticorpo, contraorde, oposición, discapacidade.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**6.1.** Identifica prefixos e clasifícaos segundo sexan de negación ou oposición.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.  
Sentido da iniciativa e o emprendemento.

## Actividade 8

**Enunciado:** Indica que oracións poderían formar parte do inicio dunha narración.

- Os animais, despois duns anos volveron á fraga; xa non quedaba rastro da batalla que alí tivera lugar
- Nunha vella casa vivía un homiño que era capaz de falar cos animais.
- Despois de moito andar chegaron á beira dun río moi crecido pola chuvias.
- Eu son María e quero falarvos do que me aconteceu cando era nena.

### Solución

- Nunha vella casa vivía un homiño que era capaz de falar cos animais.
- Eu son María e quero falarvos do que me aconteceu cando era nena.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente o que se solicita sen erros.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Identifica o inicio das narracións.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.  
Sentido da iniciativa e o emprendemento.



## Actividade 9

**Enunciado:** Escribe o procedemento que hai que seguir para plantar unha árbore

---

---

---

---

---

---

---

### Solución

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente o que se solicita sen erros.	Escribe o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe o que se solicita e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1. Explica procedementos.

### Competencias clave

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Competencias sociais e cívicas.

## Actividade 10

**Enunciado:** Completa.

Os escritores da Xeración do 25 tamén son coñecidos como \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ porque achegaron \_\_\_\_\_. Entre estes  
autores \_\_\_\_\_ destacan  
\_\_\_\_\_.

## Solución

Os escritores da Xeración do 25 tamén son coñecidos como **novecentistas ou vangardistas** porque achegaron **novas de vangarda**. Entre estes autores destacan **Manuel Antonio, Fermín Bouza Brey, Luis Amado Carballo, Luis Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Xosé Filgueira Valverde**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata seis erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

## Estándar de aprendizaxe avaliable

**12.1.** Recoñece fábulas.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Competencia para aprender a aprender.